



MEMORIA ANUAL

2021



*EXCMO. COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIAIS
DA CORUÑA E OURENSE*

ÍNDICE

1 PRESENTACIÓN

2 COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO

3 XUNTA XERAL E XUNTA DE GOBERNO

3.1 ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2021

3.2 REUNIÓN DE TRABALLO E ACTOS INSTITUCIONAIS DA XUNTA DE GOBERNO

4 INFORME DE SECRETARÍA

5 INFORME DE COMISIÓN

5.1 INFORME DE TESOURERÍA

5.2 COMISIÓN ÉTICA E HONORARIOS PROFESIONAIS

5.3 COMISIÓN DE RELACIÓNS PÚBLICAS

6 CURSOS E CONFERENCIAS

7 SERVICIO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO-LABORAL

8 CENSO DE COLEXIADOS

9 NOTAS DE PRENSA

Edita: Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense



Rúa Monforte, 12 Baixo
15007 A Coruña



981 151 876



colegio@graduadosociales.org



www.graduadosociales.org
www.graduadosocial.gal



GSCorunaOurense



GSCorunaOurense

Depósito Legal: C 1.945-00

Maquetación: María Porto | Impresión: C & P Artes Gráficas, S.L.
Telf 981 29 11 16 | r/ Juan XXIII, baixos 4 e 6 - 15001 A Coruña
E-mail: admon@cypgraficas.com

XUNTA DE GOBERNO

COMISIÓN PERMANENTE



PRESIDENTA
Ilma. Sra. Susana Soneira Lema



VICEPRESIDENTE 1.º
Alejandro Pérez Otero



VICEPRESIDENTE 2.º
José Ramón Lage Cerviño



SECRETARIO XERAL
Miguel Ángel Domínguez Losada



VICESECRETARIA
Lucía Sanjurjo López



TESOUREIRO
Cándido Sanisidro López



CONTADORA-INTERVENTORA
Noelia Tomé Martínez

VOGAIS EXERCENTES



Roberto Barros López



Guillermo Hermida Grandío



Nuria López Rajó



Jesús Miguel Vázquez Conde



D. Manuel Vázquez Regueira

VOGAL NON EXERCENTE



Juan Martínez García

Presentación



Estimados compañeiros e compañeiras:

Como cada ano, poño á vosa disposición a memoria de actividades realizadas polo noso colexio profesional durante o ano 2021.

Os Graduados Sociais seguimos sendo relevantes na xestión deste escenario de crise. A gran avalancha de ERTE's derivados da COVID e as medidas aprobadas polo Goberno para atenualo nun tempo récord, sometéronnos a unha inmensa presión.

Este contexto foi unha gran proba que puxo en valor, de forma brillante, o extraordinario traballo, a gran eficiencia e profesionalidade e unha enorme

capacidade que nos consolida como referentes na resolución efectiva de cuestións laborais e administrativas, no ámbito dos recursos humanos especialmente, pero tamén o da administración de empresa e o fiscal.

Resultou encomiable e moi útil o labor recompilatorio e de xestión de novidades normativas, nun momento en que a súa abundancia facíano tan complexo como necesario. Ademais, traballouse duro para atender ás moitas consultas recibidas e implementar formacións a distancia sobre tantas novidades e a súa aplicación.

Por iso, quero darvos o parabén a todos, polo desempeño do voso labor que durante o ano que termina realizastes, como sempre, de maneira exemplar.

Un forte abrazo

Susana Soneira Lema
Presidenta

3.- Xunta Xeral e Xunta de Goberno

3.1 | ASEMBLEA XERAL ORDINARIA



Na tarde do 31 de marzo de 2021, este Colexio Profesional celebrou no Hotel Exe da cidade da Coruña, a nosa Xunta Xeral Ordinaria, seguindo todos os protocolos de actuación para facer fronte ao Covid-19 e así garantir a máxima seguridade sanitaria a todos os participantes.

Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio, saudou aos asistentes e deu inicio á Asemblea, cedendo a palabra ao Secretario Xeral, Miguel Ángel Domínguez Losada, que procedeu á lectura da acta e á presentación do borrador da memoria anual 2020, puntos que foron aprobados por unanimidade dos asistentes.

Continuando coa Orde do Día, o Tesoureiro, Cándido Sanisidro López, presenta as contas do exercicio anterior, así como o orzamento para o ano 2021, que tamén son aprobados.

Seguidamente, toma a palabra a Presidenta para expoñer os actos e o desenvolvemento do Colexio durante o exercicio 2020 e informar, así mesmo, da situación na que se atopan as xestións realizadas en prol dos intereses dos colexiados.

Finaliza o acto coa intervención dalgún dos colexiados asistentes e o agradecemento por parte dos compoñentes da mesa presidencial.

3.2 | REUNIÓN DE TRABALLO E ACTOS INSTITUCIONAIS DA XUNTA DE GOBERNO

Este ano, como todos sabemos, a irrupción nas nosas vidas da pandemia provocada polo Coronavirus, obrigou a modificar moitos aspectos do noso día a día. Neste caso, as reunións que, normalmente celebrábanse presencialmente, desde o mes de marzo tivéronse que realizar telemáticamente. A Xunta de Goberno celebrou ditas reunións durante o ano 2021, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, propostas aos plenos do Consello Xeral, organización da marcha colexial, aprobación de expedientes de incorporación de novos colexiados, organización de visitas institucionais, etc. Pola súa banda, a Presidenta Susana Soneira Lema, asistiu aos Plenos apuntados a continuación, como Vicepresidenta 2.ª do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España.

REUNIÓN XUNTA DE GOBERNO

21 de xaneiro de 2021	21 de xullo de 2021
17 de febreiro de 2021	22 de setembro de 2021
10 de marzo de 2021	20 de outubro de 2021
21 de abril de 2021	17 de novembro de 2021
19 de maio de 2021	10 de decembro de 2021
16 de xuño de 2021	

PLENOS DO CONSELLO XERAL

19 de febreiro de 2021 en Madrid

02 de xullo de 2021 en Barcelona

24 de setembro de 2021 en Almería

17 de decembro de 2021 en Madrid

Por parte dos membros da Xunta de Goberno mantivéronse diversas entrevistas institucionais e reunións de traballo para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos entre as que destacamos os seguintes.

FEBREIRO

FALADOIRO RADIOFÓNICO DA NOSA PRESIDENTA EN INTERCORUÑA

O 2 de febreiro de 2021, a Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Susana Soneira Lema, participou no directo matutino da emisora "Intercoruña", dentro do programa "Distrito15", onde destacou a sobrecarga de traballo que seguen tendo os graduados sociais nos seus despacho profesionais, debido á crise sanitaria.

WEBINAR "NOOS ERTES 2021: NOVIDADES DE NOVA PRÓRROGA" DO NOSO CONSELLO XERAL



En Madrid, o día 3 de febreiro de 2021, o Consello Xeral de Graduados Sociais de España, organizou un webinar titulada "Novos ERTES 2021: Novidades da nova prórroga" coa participación de D.^a Verónica Martínez Barbeiro, Directora Xeral de

Traballo do Ministerio de Traballo e Economía Social, na cal realizou unha exposición sobre a Real Decreto Lei 2/2021 na parte que corresponde ao Título I e aqueles outros contidos desde o punto de vista laboral do IV Acordo Social en Defensa do Emprego.

Ricardo Gabaldón Gabaldón, Presidente do Consello Xeral de Graduados Sociais de España, realizou a presentación, onde deu a benvida aos Colexiados rexistrados e agradeceu á Directora Xeral de Traballo o seu esforzo por desprazarse ata a sede deste Consello Xeral para impartir o webinar. Tamén estiveron neste importante acto Carlos Pobo, Tesoureiro do Consello Xeral de Graduados Sociais de España e Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Badaxoz, que exerceu de moderador da sesión, e Susana Soneira, Vicepresidenta 2.^a do Consello Xeral de Graduados Sociais de España e Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

FALADOIRO RADIOFÓNICO NA CADEA COPE

Na mañá do 8 de febreiro, Juan Martínez García, Vogal Non Exercente da Xunta de Goberno e Coordinador da Comisión de Relacións Públicas desta Corporación, participou no directo do programa radiofónico "Mediodía CopeFerrol" da Cadea Cope, onde falou da prevención e actuación contra o acoso no ámbito laboral, e a xornada formativa organizada desde o Colexio sobre este tema.


FALADOIRO RADIOFÓNICO DA NOSA PRESIDENTA NA CADEA SER

Na mañá do 9 de febreiro, a Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Susana Soneira Lema, participou nunha interesante entrevista radiofónica, dentro do programa "Neste momento A Coruña" da Cadea Ser, onde analizou os plans de igualdade para empresas e a xornada formativa que organiza o Colexio para ese efecto.

FALADOIRO RADIOFÓNICO DA NOSA PRESIDENTA EN RADIO VOZ

O martes, 9 de febreiro de 2021, Susana Soneira Lema, Presidenta da nosa Corporación, participou no directo matutino da emisora Radio Voz, dentro do programa "A Mañá con Eva", onde disertou sobre a xornada organizada polo Colexio sobre a "A prevención e actuación contra o acoso no ámbito laboral", celebrada o pasado 8 de febreiro.


REUNIÓN DO NOSO COLEXIO COA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE



Na mañá do 10 de febreiro de 2021, unha delegación do noso Colexio Profesional, acompañados por D. Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo, reuníronse de forma virtual con D.^a María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, coa finalidade de presentarlle o Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuíto, que ambas as Corporacións teñen ao dispor dos cidadáns.

Na reunión estiveron presentes en representación do noso Colexio: D.^a Susana Soneira Lema e D. José Ramón Lage Cerviño, Presidenta e Vicepresidente 2.^º, respectivamente.

I ENCONTRO GALEGO DE ACTUANTES DO AGA



O pasado día 21 de febreiro celebrouse o I Encontro Galego de Actuantes do AGA, en conmemoración do Día Europeo da Mediación, que lembra a aprobación o 21 de xaneiro de 1998 da Recomendación R (98)1 do Consello de Europa dunha resolución que supuxo un impulso salientable no uso e fomento de mecanismos de solución de conflitos e litixios para o logro de acordos amigables e con menor

custo económico e social.

Este Encontro, no que participou a Presidenta deste Colexio Profesional, Susana Soneira Lema, quere ser un encontro das persoas que exercen a mediación e a arbitraje ao amparo do AGA coas entidades vinculadas ao mundo laboral en Galicia: organizacións sindicais e empresariais, empresas, órganos da xurisdición social, Inspección de Traballo e da Seguridade Social, universidades, Colexios de Graduados Sociais, profesionais da Avogacía e persoas interesadas, coa finalidade de compartir experiencias e reflexionar sobre unha cuestión hoxe de máxima actualidade: a mediación, un dos medios adecuados de solución de controversias (MASC).

O MINISTERIO DE TRABALLO E ECONOMÍA ASINA A ALIANZA COS GRADUADOS SOCIAIS

Na mañá do 25 de febreiro, a Ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz Pérez, xunto co Director do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), Gerardo Gutiérrez Ardo, e o Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, Ricardo Gabaldón Gabaldón, subscribiu o Convenio para a información e o desenvolvemento de accións de formación aos graduados sociais.

O acordo profunda na colaboración que manteñen o Ministerio de Traballo e Economía Social e os graduados sociais e permitirá que reforzar a acción de “unha nova xeración de Políticas Activas de Emprego que ten como obxectivo redefinir o marco laboral no que nos desenvolvemos. Nese deseño tivemos en conta tres obxectivos primordiais: a proximidade, a colaboración e a eficacia. Os mesmos tres que eixos que caracterizan este convenio que hoxe subscribimos”, subliñou Yolanda Díaz.

Mellorar a eficacia

O convenio subscrito polo Ministerio de Traballo e Economía Social, o SEPE e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España servirá para axilizar e actualizar a información dispoñible e tamén mellorar a formación dos graduados sociais.

Tal e como explicou a titular de Traballo, este convenio redundará na eficacia do labor dos graduados sociais xa que “funcionará, en virtude deste convenio, nunha dobre dirección: no intercambio de información entre o SEPE e as graduadas e graduados sociais, e no ámbito da formación, a través de cursos de actualización, ou de formación sobre xestión ordinaria” explicou a ministra.

Reconecemento aos Graduados Sociais

A titular de traballo, Yolanda Díaz, recoñeceu o encomiable labor desenvolvido polos graduados sociais, especialmente, durante a pandemia: “Fálolos da proximidade. Do contacto coa realidade. Non vos descubro nada. Sodes non só observadores senón tamén actores desa realidade, tan complexa como diversa, máis aínda durante unha crise sanitaria que nos puxo a proba e retou as nosas capacidades. En despachos profesionais, asesorías ou xestorías, en primeira liña, ao longo de interminables xornadas, o voso papel e representación foron fundamentais” explicou a ministra.

Atendendo á invitación cursada desde o Ministerio de Trabajo e Economía Social, asistiu en representación da nosa Corporación, a Presidenta, Susana Soneira Lema.



MARZO

REUNIÓN DE TRABAJO CO COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIAIS DE LUGO

Durante a mañá do día 16 de marzo, a nosa Presidenta, Susana Soneira Lema, desprázase á cidade romana “Lucus Augusti”, onde mantivo unha reunión de traballo cos nosos compañeiros do colexio de Lugo, na cal se trataron diferentes temas pendentes coa Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.



Durante a súa estancia, a nosa Presidenta, asinou no Libro de Honra deste colexio en presenza de Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo.

ABRIL

REUNIÓN DE TRABAJO COA DIRECCIÓN PROVINCIAL TGSS NA CORUÑA - SISTEMA REDE



Na mañá do 13 de abril do ano en curso, unha representación do noso Colexio Profesional, mantivo un encontro telemático con representantes da Dirección Provincial da Coruña da Tesourería Xeral da Seguridade Social, para dar continuidade ás reunións periódicas do “Comité de seguimento do Sistema REDE”, onde se trataron diversos puntos de interese sobre as últimas noticias REDE, cuestións varias e rogos e preguntas expostas polo noso colectivo.

A esta reunión asistiron por parte da Dirección Provincial: Francisca Fidalgo Logchies, Xefa de Sección da Unidade de Sistema REDE e Roberto Balado García, Subdirector Provincial de Xestión Recadatoria.


En representación de nuestro Colegio asistieron: Susana Soneira Lema, Presidenta; Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º; José Ramón Lage Cerviño, Vicepresidente 2.º y Roberto Barros López, Vocal Ejerciente de la Junta de Gobierno del Excmo. Colegio Oficial de Graduados Sociales de A Coruña y Ourense.

MAIO

REUNIÓN DE TRABAJO CON SOMOS COMUNIKA, S.L.

Durante a tarde do mércores día 12 de maio, coincidindo coa reunión da Comisión Permanente da nosa Xunta de Goberno,

celebrouse paralelamente unha reunión de traballo con Carmina Escrigas López-Dafonte, Directora de Somos Comunika, S.L., na que sentaron as bases para a actualización do plan publicitario do Colexio.



Asistiron á mesma de forma virtual: Susana Soneira Lema, Presidenta; José Ramón Lage Cerviño, Vicepresidente 2.º; Miguel Ángel Domínguez Losada, Secretario Xeral; Cándido Sanisidro López, Tesoureiro e Juan Martínez García, Vogal Non Exercente da Xunta de Goberno do Colexio.

ACTO DE CELEBRACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DA ERLAC

Na mañá do día 13 de maio, celebrouse nas instalacións da Escola de Relacións Laborais da Coruña, un emocionante acto dentro do programa de celebracións do seu 50 aniversario.



Durante dúas horas, levou a cabo un directo do programa radiofónico "Distrito15", onde se falou de: a historia da Fundación ERLAC, emprego, emprendemento, mercado laboral, etc.



A tan especial evento que congregou a diferentes personalidades relacionadas coa Escola e do mundo das relacións labo-

rais; asistiu Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio Profesional, Patroa da Fundación E.U. de Relacións Laborais e ex alumna da mesma.

XUÑO

PARTICIPACIÓN NA XORNADA "AXILIDADE ADMINISTRATIVA" ORGANIZADA POR CEEG E XUNTA GALICIA

Na mañá do martes 1 de xuño, celebrouse na cidade herculina a xornada sobre "Axilidade administrativa" organizada polo Club Empresarial e Executivo de Galicia



(CEEG) e co apoio da Xunta de Galicia, na que se abordou o reto que supón para Galicia a posibilidade de converterse en referente en relación á simplificación administrativa, situando á Administración galega na vangarda de todo o Estado.

Despois da inauguración do acto por parte de Francisco Conde López, Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, puidéronse presenciar varios debates interesantes por parte de persoas expertas, tanto do ámbito privado como do institucional.

Atendendo á invitación do Presidente do Club Empresarial e Executivo de Galicia, Mario Barcenilla Moreno, asistiu en representación do noso Colexio Profesional, a Presidenta, Susana Soneira Lema.

FIRMA CONVENIO COLABORACIÓN CO BANCO SABADELL


José Ramón Lage Cerviño, Vicepresidente 2.º deste Colexio Profesional e Rafael Mato Fariña, Director de Zona do Banco Sabadell, asinaron na mañá do 4 de xuño



de 2021, un acordo de colaboración onde a entidade financeira fai unha aposta firme polo noso colectivo co obxectivo de satisfacer todas as necesidades financeiras dos nosos colectivos, os seus familiares de primeiro grao e empregados.

WEBINAR "III PLAN DE RESCATE" DA XUNTA DE GALICIA

Na mañá do 15 de xuño, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Emprego e Igualdade, organizou unha webinar para dar a coñecer o "III Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da Covid-19".



Neste encontro que aglutinou a diferentes grupos de profesionais, entre eles, aos Graduados Sociais como expertos no asesoramento e xestión laboral de todo tipo de empresas, profesionais e autónomos; onde María Jesús Lorenzana, Conselleira de Emprego e Igualdade e Covadonga Toca Carús, Directora Xeral de Emprego, foron as encargadas de debullar as principais características de tan importante programa de axudas.

XULLO

PLENO E ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONSELLO XERAL EN BARCELONA

O pasado día 2 de xullo de 2021, celebrouse en Barcelona a reunión Plenaria do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, á que, como é habitual, asistiu Susana Soneira Lema, Vicepresidenta 2.ª do Consello Xeral, e neste caso tamén asistiu Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º desta Corporación en representación do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.



A xornada comezou coa visita ao Parlamento de Cataluña e o recibimento institucional por parte da súa Presidenta, Laura Borràs i Castanyer; para posteriormente trasladarse ao Hotel Barceló da cidade Condal, onde tivo lugar a celebración do

pleno, no que se debateron numerosos asuntos relacionados coa profesión.

Un día extenso, que terminou cunha magnífica cea organizada polo Colexio Oficial de Graduados Sociais de Barcelona, contando coa presenza do seu Presidente, Carlos Berrueto do Río, e de varios membros da súa Xunta de Goberno.

Á finalización da mesma, Ricardo Gabaldón Gabaldón, fíxolle entrega ao presidente do Colexio catalán, dunha placa en agradecemento de todos os presentes polos brillantes actos organizados.

Varios Colexios quixeron igualmente ter un detalle institucional individualizado co Colexio barcelonés, entre eles o noso, que fixo entrega da súa Figura Institucional, unha obra cerámica, manufacturada, única e xenuína da Artesanía Galega, creada polos prestixiosos "Oleiros de Buño" da localidade coruñesa de Malpica de Bergantiños, galardoada coa Medalla de Ouro de Belas Artes e cun gran recoñecemento a nivel nacional e internacional, onde manteñen viva unha actividade secular que fala da cultura e do estilo de vida dos galegos, motivo polo que este Colexio decidiu que, fosen estes artesáns os encargados da súa confección.

A nosa figura, representa a xustiza, a través dos pratos da balanza, e o traballo, mediante o símbolo da roda dentada, todo iso superposto sobre a forma da comunidade de Galicia, da que forma parte o Colexio, ao ter como ámbito territorial dous das súas catro provincias, A Coruña e Ourense.

REUNIÓN CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS TRIBUTARIAS DA AEAT



O día 21 de xullo e convocados polo Foro de Asociacións e Colexios Profesionais Tributarios, desenvolveuse unha videoconferencia informativa sobre o Código de Boas Prácticas de Asociacións e Colexios Profesionais e de Profesionais Tributarios, co fin de explicar tanto o seu contido como a operativa de adhesión ao mesmo como comentar outras cuestións relativas ao seu funcionamento.

Á devandita reunión, á que asistiron representantes de diversas asociacións e colexios, asistiu en representación do noso Colexio, José Ramón Lage Cerviño, vicepresidente 2.º do mesmo.

REUNIÓN COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA CRISE SANITARIA NO ÁMBITO DO TSXG



O día 26 de xullo, e como vén sucedendo periodicamente, este colexio foi convocado á reunión da comisión de seguimento da crise sanitaria no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, asistindo á mesma José Ramón Lage Cerviño, vicepresidente 2.º. Tratouse, entre outros, os seguintes temas:

Presentación da proposta de protocolo de comunicación remota entre as sedes xudiciais e as residencias e centros de maiores e o funcionamento de Cisco e protocolo para o seguimento de vistas en streaming.

SETEMBRO

FALADOIRO RADIOFÓNICO DA NOSA PRESIDENTA EN INTERCORUÑA

O 13 de setembro de 2021, a Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Susana Soneira Lema, participou no faladoiro matutino da emisora "Intercoruña", dentro do programa "Distrito15", onde se analizou de que maneira repercutirá á economía das empresas a subida do salario mínimo interprofesional.

ASINA CONVENIO COLABORACIÓN CON ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES NOVA HÉRCULES (ERLAC)

O día 29 de setembro, procedeuse á firma dun convenio de colaboración coa asociación de estudantes "Novas Hércules" da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais, mediante o cal os alumnos poderán precolegiarse antes da súa graduación para poder participar nas actividades que organice esta Corporación.

Incentivarase a colaboración entre ambas as entidades para a realización de prácticas académicas curriculares.

En representación da nosa Corporación asistiu a presidenta, Susana Soneira Lema, e por parte da Asociación, Vitoria Reigosa, tamén en calidade de Presidenta.



Estuvieron tamén presentes en el acto, Jesús Vázquez Forno, director de la Eralc y Juan Martínez García, responsable de la Comisión de Relaciones Públicas de esta Corporación.

OUTUBRO

ACTO DE GRADACIÓN PROMOCIÓN 2016-2020 E 2017-2021 E PREMIO JOSE M.ª BOTANA.

Na tarde do venres, día 1 de outubro celebrouse no Paraninfo de Reitorado o acto de Graduación as dúas últimas promocións de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da ERLAC.



Ao acto asistiu Susana Soneira Lema, Presidenta desta Corporación, e contou ademais coa presenza de

Jesús Vázquez Forno, Decano de Eralc, Nancy Vázquez Veiga, Vicerreitora da Universidade da Coruña, Juan Ignacio Cordeiro Vázquez, Primeiro tenente de Alcadesa e Concelleiro de Relacións Institucionais e Turismo, Ernesto Sánchez Pombo, Xornalista e profesor, Benito Couceiro Naveira, Director Relacións laborais de Abanca e profesor de Eralc, Mercedes Cobián Casal, profesora en Eralc, e os representantes dos alumnos Vitoria Reigosa e Brais Casas Pérez.



Durante o mesmo fíxose entrega a Pomba Nogueira Vázquez, do premio "José María Botana" como estudante máis destaca-

da, concedido por este Colexio Profesional, e consistente nunha dotación económica.

Finalizou o acto coa música de Carolina Rubirosa.

ASINA CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDAD

O 6 de outubro, este Colexio Profesional xunto coa Consellería de Emprego e Igualdade, e os Colexios de Graduados Sociais de Lugo e Pontevedra, poñerán en marcha un servizo de orientación xurídica-laboral que de maneira gratuíta prestará asesoramento á cidadanía no campo das relacións laborais.

A Conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, acompañada de Elena Mancha, Directora Xeral de Relacións Laborais, e os presidentes dos tres colexios, Susana Soneira desta corporación, Manuel Núñez de Lugo e Remedios Copa, vicepresidenta do de Pontevedra, asinaron onte un convenio de colaboración para levar a cabo esta iniciativa, que se desenvolverá nas sedes dos tres colexios e coa que se pretende achegar información e mellorar a orientación e o asesoramento aos cidadáns galegos en materia laboral.

No acto de firma tamén estivo A Directora Xeral de Relacións Laborais, Elena Mancha.

A oficina atenderá consultas relacionadas con diferentes temáticas como son, por exemplo, as prestacións contributivas e non contributivas, conflitos ou dúbidas no marco das relacións laborais. Ademais, esta orientación estenderase os outros aspectos vinculados á igualdade na contorna de traballo: á non discriminación por razón de ningún tipo e á identificación e denuncia do acoso sexual, entre outros.



En palabras da Conselleira, trátase de “promover unha realidade social e empresarial máis xusta e garante de dereitos e oportunidades”. Lorenzana destacou que esta iniciativa supón “un paso máis na moi necesaria visión integral das relacións laborais” e un exemplo máis do traballo conxunto que a Xunta está a realizar cos colexios oficiais de graduados sociais para

articular accións que melloren as condicións laborais do comprado de traballo de Galicia.

Neste sentido, puxo como exemplo o labor conxunto realizado no desenvolvemento dos plans de rescate para traballadores autónomos e microempresas ou o apoio prestado na tramitación dos Expedientes de Regulamento de Emprego (Ertes).

“O traballo conxunto e cooperativo entre traballadores, empresarios, profesionais e administracións resulta imprescindible para alcanzar unha cultura que goce dun maior benestar organizacional e social”, finalizou.

ACTO DE PRESENTACIÓN DA REVISTA DO MINISTERIO DE TRABAJO E ECONOMÍA SOCIAL

O 20 de outubro de 2021, celebrouse no Salón de Actos do MITEC, a presentación do número extraordinario da Revista do Ministerio de Trabajo e Economía Social,



que se efectuou sobre a base dun número monográfico titulado “Estado de alarma, crise económica e mantemento do emprego na lexislación laboral”, coordinado polos catedráticos de Dereito do Traballo das Universidades de Castela A Mancha e de Vigo, Antonio Baylos Grau e Jaime Cabeza Pereiro.

A Vicepresidenta 2.^a do Goberno e Ministra de Trabajo e Economía Social, Yolanda Díaz Pérez, presidiu o acto ao que acudiron numerosas personalidades de diversos ámbitos, e ao que atendendo á invitación cursada para ese efecto, asistiu Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense e Vicepresidenta 2.^a do Consello Xeral de Graduados Sociais de España.

ACTO DE GRADACIÓN DO MÁSTER PRÁCTICO EN JURISDICCIÓN SOCIAL DA ERLAC

O venres, celebrouse na Escola de Relacións Laborais da Coruña, o acto de gradación do Máster Práctico en Xurisdición Social, no que esta corporación colabora.



Participaron no acto, entre outros, Felipe Martínez Ramonde, Director do Master, Susana Soneira e Raquel Naveiro, coordinadoras do Master, Pilar Carreira Vidal, Maxistrada do Xulgado do Social nº 5 da Coruña, Teresa Reigosa, responsable do Departamento de Orientación da Erlac e Augusto José Pérez-Cepeda Vila, Decano do Colexio de Avogados.

XORNADA FORMATIVA SOBRE "A IGUALDADE, UN ACTIVO PARA A EMPRESA" (CEC)

Na mañá do 22 de outubro, celebrouse a II Edición da xornada formativa sobre "A Igualdade, un activo para a Empresa", na Confederación de Empresarios, durante a cal se expuxeron medidas implantadas en distintas empresas, de distintos tamaños e sectores produtivos.



A xornada presidida por Antonio Fontenla, presidente da CEC, contou, entre outras intervencións, con Elena Mancha, Directora Xeral de Relacións Laborais e con Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, que puxo a voz experta en materia de asesoramento, analizando aspectos tales como as necesidades das pequenas e medianas empresas, e asuntos concretos tales como a brecha salarial, a auditoría retributiva, así como ferramentas de axuda dispoñibles.

XORNADA "AS CONDICIÓN DE TRABALLO NO MUNDO DIXITALIZADO" DO CGRL



Na mañá do 29 de outubro, tivo lugar a xornada organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais, en colaboración coa Universidade de Vigo e o Colexio Oficial de Graduados

Sociais da Coruña e Ourense, dedicada á análise das condicións de traballo no mundo dixitalizado. A Xornada desenvolveuse en formato webinar (plataforma Zoom) e contou coa asistencia de José Ramón Lage Cerviño, Vicepresidente 2.º desta Corporación que participou como moderador durante unha dos relatorios.

ACTOS DE CELEBRACIÓN DO 40.º ANIVERSARIO DO COLEXIO GS PONTEVEDRA

Durante a tarde do 29 de outubro, celebráronse os actos conmemorativos do 40.º Aniversario da creación do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.

Despois da recepción de todos os asistentes, os nosos compañeiros de Pontevedra, realizaron unha proxección do vídeo conmemorativo coa historia do seu Colexio, seguindo cunha homenaxe aos Graduados Sociais que formaron parte de anteriores Xuntas de Goberno e a entrega dunha distinción a Eliseo Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de Honra do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra. Posteriormente, celebraron unha cea de confraternidade no Real Club Náutico de Vigo.



Aos actos acudiron numerosas autoridades, representantes institucionais, como tamén, o Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, Ricardo Gabaldón Gabaldón. En representación do noso Colexio Profesional, e atendendo á invitación recibida, asistiron: Susana Soneira Lema, Presidenta; Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º e Cándido Sanisidro López, Tesoureiro do Colexio.

NOVEMBRO

A SECRETARIA DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS, VISITA A NOSA SEDE COLEXIAL

O día 2 de novembro, recibimos nas nosas instalacións, a visita de Cristina Fabeiro Varela, Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais. Foi recibida pola nosa Presidenta, Susana Soneira Lema, o Secretario Xeral, Miguel Ángel Domínguez Losada e Guillermo Hermida Grandío, Responsable da Escola de Práctica Laboral do Colexio.



APERTURA ANO ACADÉMICO DA RAGJYL

O pasado venres, día 5 de novembro, celebrouse no Salón de Actos da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o solemne acto de apertura do Curso Académico 2021/2022, ao que asistiu, atendendo á invitación cursada para ese efecto, a nosa presidenta, Susana Soneira Lema.



Presidiu o acto, o presidente da RAGJYL, José Luis Seoane Spiegelberg, que comezou coa lectura da Memoria Abreviada do curso académico 2020-2021 polo Académico-secretario xeral, José M.^a Botana López, ao que proseguíu a lectura do discurso inaugural “Algunhas reflexións verbo da protección xurídica da paisaxe”, a cargo da Académica de Número e Avogada Xeral do Estado, Consuelo Castro Rey.

ACTO DE INAUGURACIÓN DA DÉCIMA EDICIÓN DE ‘LABORALIA 2021’ DA UDC

Os días 9 e 10 de novembro, o Consello Social da Universidade da Coruña, celebrou o décimo aniversario de Laboralia, programa de formación en competencias profesionais, con dúas xornadas dedicadas a explorar as posibilidades da análise de datos no desenvolvemento e a orientación formativa, selección e xestión do talento e as competencias e perfís máis demandados.

O presidente do Consello Social da Universidade da Coruña (UDC), Antonio Abril Abadín e o Reitor, Julio Abalde Alonso, inauguraron o martes a décima edición; un acto ao que asistiu en representación do Colexio, a nosa Presidenta, Susana Soneira Lema.



REUNIÓN DE TRABAJO COA MUTUA FREMAP



Na tarde do 9 de novembro e na sala de xuntas do noso Colexio, mantívose unha reunión de traballo con Carlos Chairas Santos, Director Rexional en Galicia de FREMAP Mutua Colaboradora coa Seguridade Social número 61 e Belén Estévez Costas, Directora de FREMAP Ferrol; coa finalidade de reactivar a colaboración profesional entre ambas as corporacións despois do parón obrigado pola emerxencia sanitaria da Covid-19.

Por parte do noso Colexio asistiron á mesma: a Presidenta, Susana Soneira Lema; Miguel Ángel Domínguez Losada, Secretario Xeral; Noelia Tomei Martínez, Interventora/Contadora; Guillermo Hermida Grandío, Vocal Exercecente/Responsable da Escola de Práctica Laboral e o Xerente, Celestino Vieites Sánchez.

REUNIÓN DE TRABAJO CON MC-MUTUAL

Durante a tarde do mércores día 17 de novembro do 2021, e coincidindo coa nosa Reunión Ordinaria da Xunta de Goberno do Colexio, celebrouse unha reunión de traballo con Luís Grien Díaz, Director de MC- Mutual na Coruña e Lugo e Román Candales Bereijo, Adxunto á Dirección de MC- Mutual na Coruña e Lugo; dando así continuidade á rolda de reunións previstas coas Mutuas Colaboradoras, co fin de reactivar a colaboración profesional.



Asistiron por parte do noso Colexio: Susana Soneira Lema, Presidenta; Miguel Ángel Domínguez Losada, Secretario Xeral e Celestino Vieites Sánchez, Xerente.

Conectados por videoconferencia estiveron: Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º; José Ramón Lage Cerviño, Vicepresidente 2.º; Cándido Sanisidro López, Tesoureiro; Noelia Tomei Martínez, Interventora-Contadora; Roberto Barros López, Vogal Exercente e Juan Martínez García, Vogal Non Exercente da Xunta de Goberno do Colexio.

REUNIÓN DE TRABALLO COA IBERMUTUA GALEGA



Ao longo da mañá do 25 de novembro do 2021, celebrouse unha reunión de traballo con Ibermutua Galega, nas súas instalacións de Monte Alfeirán, seguindo coas reunións previstas coas Mutuas Colaboradoras, co fin de reactivar a colaboración profesional.

Por parte do noso Colexio asistiron á mesma: a Presidenta, Susana Soneira Lema; Jose Ramón Lage Cerviño, Vicepresidente 1.º, Miguel Ángel Domínguez Losada, Secretario Xeral, e o Xerente, Celestino Vieites Sánchez. Pola Mutua, estiveron Javier Florez, director territorial de Galicia, Alejandra Garrido, Subdirectora territorial e Eva Amor Fraga, Directora do centro da Coruña, Angel García Santalices, Coordinador de atención ao Mutualista.

ACTO SOBRE ENTREGA PRIMEIRO PREMIO DE INVESTIGACIÓN EPIFANIO CAMPO



Na tarde do venres 26 de novembro, celebrouse no hotel NH Collection #Finisterre A Coruña, a cerimonia de entrega do Primeiro Premio de Investigación Epifanio Campo. Un acto organizado pola Cátedra Epifanio Campo, e promovido polo grupo empresarial Rodonita, como homenaxe ao seu fundador no que, ademais de entregar os correspondentes galardóns, rendiuse homenaxe ao pioneiro da economía circular.

A tan distinguido acto, que estivo presidido polo Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, o Reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, o Alcalde de Ferrol, Ángel Mato, Conselleiro delegado do Grupo Rodonita, Jacobo Campo e a Directora da Cátedra, María Paz Mateo; asistiron destacados representantes dos ámbitos académico, institucional, empresarial e social da cidade, así como os alcaldes das Somozas e A Laracha, municipios onde se desenvolven gran parte da actividade as empresas do grupo Rodonita.

Atendendo á invitación e en representación do noso Colexio Profesional, acudiu Susana Soneira Lema, Presidenta do Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

REUNIÓN DE TRABALLO COA MUTUA INTERCOMARCAL



Siguiendo cos encontros de traballo encamiñados a reactivar a colaboración profesional, celebrouse nas instalacións do Colexio, a reunión coa Mutua Intercomarcal.

Asisten por parte da mutua, Germán Montaña Pinilla, responsable de Relacións Institucionais, Jose Ángel Gómez Castro, Responsable zona Galicia, e Rosa Seoane Veloso, Directora da oficina de Coruña.

Por parte do colexio, estiveron presentes Susana Soneira Lema, José Ramon Lage Cerviño e Celestino Vieites, Presidenta, vicepresidente 2.º e xerente do Colexio, respectivamente.

REUNIÓN DE TRABALLO CON MUTUA ASEPEYO



Ao longo desta mañá, mantivéronse senllas reunións con entidades colaboradoras desta Corporación con con o fin de reactivar a colaboración profesional.

Á primeira hora, representantes da Mutua Asepeyo, recibiron nas súas instalacións a Susana Soneira Lema, Jose Ramón Lage, Noelia Tomei e Celestino Vieites, Presidenta, Vicepresidente 2.º, Contadora e Xerente do Colexio, respectivamente.

Por parte de Asepeyo estiveron presentes Marta Babío, directora da oficina da Coruña e Juan López Peiteou, responsable de concertación sanitaria.

O COLEXIO DE GRADUADOS SOCIAIS E IBERMUTUA ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN

O luns, 29 de novembro de 2021, o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense e Ibermutua, Mutua colaboradora coa Seguridade Social, asinaron un convenio de colaboración, cuxo obxectivo é o de facilitar a divulgación adecuada das novidades normativas en materia de Seguridade Social, con especial dedicación ás prestacións responsabilidade da Mutua, a través de distintas canles de comunicación.



O documento subscrito prevé o intercambio de información entre profesionais de ambas as entidades para a posta ao día das novidades en materia de xestión da Seguridade Social relacionada coas coberturas que presta Ibermutua.

Ademais, ambas as partes colaborarán na organización de xornadas relativas á xestión da Seguridade Social no referente ás coberturas que efectúa a Mutua. Estas sesións irán dirixidas aos colexiados protexidos por Ibermutua do ámbito de actuación do Colexio.

Ibermutua tamén poñerá ao dispor do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense a documentación específica en materia de xestión da Seguridade Social e informaralle de todas as novidades normativas relativas a esta materia.

O convenio foi subscrito hoxe, na sede do Colexio, por Susana Soneira Lema, presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense e por Javier Flórez Arias, director territorial de Ibermutua Galega. Na firma tamén estiveron presentes, por parte do Colexio José Ramón Lage Cerviño e Celestino Vieites Sánchez, vicepresidente 2.º e xerente do Colexio, respectivamente, e, por parte de Ibermutua Galega, Alejandra Garrido, Eva Amor e Ángel García, Subdirectora territorial, Directora na Coruña e coordinador de atención ao mutualista de Ibermutua Galega, respectivamente.

DECEMBRO

ACTOS INSTITUCIONALES DEL COLEGIO DE SEVILLA

O Colexio Oficial de Graduados Sociais de Sevilla celebrou, o día 2 de decembro, o seu Acto Anual de Imposición de Medallas e Condecoracións 2020 e 2021, conforme ao Regulamento de Recompensas e Honras desa Corporación, así como as medallas outorgadas polo Consello Xeral, onde se recoñece a traxectoria dos compañeiros e compañeiras durante a súa vida colexial, e ao que asistiu a presidenta deste Colexio, Susana Soneira Lema.



O acto tivo lugar no Auditorio Nissan Cartuxa, onde celebraron tamén o Concerto Sinfónico Expedición Magallanes/Elcano que estaba previsto para o 50 aniversario pero que tivo que ser suspendido polo estado de alarma.

Tras a lectura e entrega das condecoracións por parte do Secretario da Corporación, Juan José Seixo Baco, tomou a palabra en nome dos galardoados Eduardo Reina Rodríguez, medalla de ouro ao mérito profesional.

Doutra banda, entregouse a condecoración como Presidente de Honra a Rafael Hidalgo Romero, anterior Presidente do Colexio de Sevilla polo seu brillante labor en prol do colectivo.

Rafael Hidalgo tamén recibiu de mans do Presidente do Consello Andaluz de Colexios Profesionais de Graduados Sociais, José Blas Fernández, a medalla de ouro ao mérito profesional deste Consello.

Durante o acto tamén se levou a cabo a entrega de medallas do Consello Xeral de Graduados Sociais de España nas súas categorías de ouro e prata. O Secretario do Consello Xeral de Graduados Sociais de España, Alfonso Hernández Quereda fixo a lectura dos galardoados. Federico Martínez James foi o encargado de tomar a palabra en nome dos condecorados.

O acto foi presidido polo Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Sevilla, José Ramón Barreira Furtado; María Sonia Gaya Sánchez, Primeira Tenente de Alcalde e Delegada da área de Facenda e Administración Pública do Concello de Sevilla; a Vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial, Pilar Sepúlveda García de la Torre; a Representante do Poder Xudicial en Andalucía Occidental e Ceuta e Presidenta da Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía en Sevilla, Begoña Rodríguez Álvarez; o Decano da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de Sevilla, Alejandro Díaz Moreno e o Secretario do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, Alfonso Hernández Quereda. Á súa vez, o Presidente do Consello

Xeral, Ricardo Gabaldón Gabaldón clausurou este bonito acto de recoñecemento a todos os compañeiros e compañeiras.

ACTO DE XURA OU PROMESA DA 70.ª PROMOCIÓN DA ESCOLA XUDICIAL DO TSXG



Na mañá do 10 de decembro, Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, asistiu ao Acto de Xura ou Promesa da 70.ª Promoción da Escola Xudicial, atendendo á invitación cursada polo Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, José María Gómez y Díaz-Castroverde.

Os catorce xuíces destinados a Galicia procedentes da 70.ª promoción, formalizaron durante a cerimonia o seu compromiso coa Constitución, onde destacaron a súa implicación na mellora da sociedade.

ACTO DE XURA OU PROMESA DOS LETRADOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DO LTSXG



O martes, día 14 de decembro celebrouse no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Acto de Xura dos señores Letrados da Administración de Xustiza pertencentes á 44.ª Promoción (quenda libre), ao que asistiu a presidenta desta Corporación, Susana Soneira Lema, atendendo á invitación cursada para ese efecto.

RECEPCIÓN INSTITUCIONAL POLO NADAL DO CONCELLO DA CORUÑA



Na mañá do 21 de decembro, tivo lugar, no Palacio Municipal de María Pita, a tradicional recepción institucional do Nadal que o Concello da Coruña ofrece como inicio ás festas do Nadal. En resposta á invitación cursada pola Alcaldesa, Inés Rey García, asistiu en representación do noso Colexio a Presidenta, Susana Soneira Lema.

Despois das intervencións das autoridades, os múltiples representantes sociais, económicos e militares da cidade, puideron gozar da interpretación musical de clásicos do Nadal a cargo de “Lle Suite Band”.

4.- Informe de Secretaría

ENVÍOS DE CORRESPONDENCIA

1.167 cartas, escritos, documentos e correos electrónicos.	→	ENTRADAS
SAÍDAS	←	15.266 cartas, circulares, informativos, correos electrónicos, etc.

- ▶ Calendarios Laborais.
- ▶ Libros de Subcontratación.
- ▶ Venda de 22.260 euros en participacións de lotaría de Nadal
- ▶ Entrega de documentación informativa.
- ▶ Control e atención biblioteca
- ▶ Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e variacións de colexiación.
- ▶ Edición Boletín Informativo. (Mensual en soporte papel para os colexiados sen correo electrónico e en soporte dixital para o resto de colexiados).
- ▶ Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos.
- ▶ Redacción de memoria anual e actas de reunións.
- ▶ Actualización, diaria, da páxina web con toda a lexislación de interese para os colexiados.
- ▶ Asistencia administrativa e técnica aos cursos do Colexio.
- ▶ Visado de apoderamentos para REA.
- ▶ Visado de apoderamentos para TESOL.
- ▶ Dilixencia de libros de subcontratación.
- ▶ Xestión das citas do Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuito

REQUISITOS PARA DARSE DE ALTA NO COLEXIO

DOCUMENTACIÓN XERAL

1
2
3
4
5
6

Solicitud dirixida ao Ilma. Sra. Presidenta do Colexio (impresso facilitado na secretaría do Colexio e na web).

Fotocopia do título de Graduado Social, Graduado Social Diplomado, Diplomado en Relacións Laborais ou certificado da Escola Universitaria de Diplomados en Relacións Laborais, acreditativo de efectuar o depósito para a obtención dalgún dos títulos.

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

Dúas fotografías tamaño carné (chaqueta e gravata escura).

Domiciliación bancaria.

Comprobante do ingreso da correspondente cota de incorporación ao Colexio, na conta bancaria do Banesto (IBAN: ES23 0030 6231 1200 0100 9271).

**NON
EXERCENTES**

Documentación xeral.

**EXERCENTES
DE EMPRESA
OU ENTIDADE**

**1.- Documentación xeral.
2.- Contrato de traballo, rexistrado pola oficina do INEM, coa categoría profesional de Graduado Social.**

**EXERCENTES
LIBRES**

- 1.- Documentación xeral.
- 2.- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición.
- 3.- Xura ou promesa provisional de acatamento á Constitución, e ao resto do ordenamento xurídico, e de fiel cumprimento dos deberes da profesión de graduado social.
- 4.- Posesión dunha Póliza de RC. A partir do día 1 de outubro de 2012, (e tras a aprobación realizada na Asemblea Xeral celebrada o 9 de xuño de 2012), estableceuse como requisito obrigatorio a contratación dunha póliza de RC e unhas garantías mínimas a esixir aos Colexiados exercentes, que a continuación se detallan

COTAS VIXENTES DE INCORPORACION AO COLEXIO

MODALIDADE	COTA	CARNE DE COLEXIADO
EXERCENTES LIBRES	460,00 €	
EXERCENTES DE EMPRESA OU ENTIDADE	184,00 €	15 € + IVA
NON EXERCENTES	46,00 €	5 € + IVA

COTAS MENSUAIS

EXERCENTES LIBRES	38,19 €
EXERCENTES DE EMPRESA OU ENTIDADE	21,96 €
NON EXERCENTES	10,98 €

**REQUISITOS MÍNIMOS
DE PÓLIZA
DE RC**

- ▶ Capital asegurado mínimo de 1.000.000,00 €.
- ▶ Cobertura expresa para Responsabilidade Civil Profesional de tódalas as tarefas propias da profesión de Graduado Social e, en concreto, en áreas como asesor laboral, fiscal, contable e mediador.
- ▶ Si o Colexiado exerce a súa actividade a través dunha sociedade, cobertura das reclamacións de RC presentadas á sociedade

Tódalas fotocopias deberán ser compulsadas ou aportar os orixinais na secretaría do colexio.

Deberá entregar a documentación no Excmo. Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, rúa Monforte, 12 baixo - 15007 A Coruña.

5.- Informe de Comisi3ns

5.1 | INFORME DE TESOURERÍA

I.- INFORME


Co fin de cumprir coa lexislación vixente, emítase informe de tesourería, nos diferentes aspectos de funcionamento deste colectivo, e que teñan incidencia directamente coa situación económica, dividindo este informe en catro apartados: Ingresos, Gastos, Resumo comparativo co exercicio anterior e Débeda.

1.- INGRESOS

Este Colexio Oficial agrupa, ao 31 de Decembro de 2021, a un colectivo composto por un total de 727 Graduados Sociais, coa seguinte desagregación:

	N.º colegiados a 31/12/2021	Cotas Incorporación	Cotas mensuais
Exercentes Libres	322	460,00 €	38,19 €
Exercentes Empresa	43	184,00 €	21,96 €
Non Exercentes	290	46,00 €	10,98 €
Eméritos	72		


O total de cotas xeradas ao longo do ano 2021, foi o seguinte:



No seguinte gráfico pódese apreciar a distribución dos ingresos do Colexio, polos conceptos máis destacados.



En canto á distribución das cotas dos colexiados, é a seguinte



2.- GASTOS

En canto aos gastos, na distribución dos mesmos pola súa relevancia cuantitativa destacamos



3.- COMPARATIVA CAPÍTULOOS MÁIS RELEVANTES

Cabe destacar a minoración do importe da hipoteca (en realidade a total amortización anticipada e cancelación da hipoteca, tal como propúxose e acordou na Asemblea do ano pasado), o mantemento de liquidez en niveis considerables, a

pesar da citada cancelación da hipoteca e o resultado de explotación, que este ano se eleva a 33.742,59 €, tal e como se detallará no apartado dedicado á Memoria Explicativa.



4.- DÉBEDA

En marzo de 2018 elabórase un Informe acerca desta situación e, seguindo o acordo da Asemblea celebrada nese mesmo ano, pola Xunta de Goberno do Colexio elabórase un protocolo de actuación e adóptanse medidas tendentes a reducir e/ou eliminar dita débeda.

Como consecuencia diso, representamos a evolución do total da débeda nos últimos anos.



Así, na seguinte gráfica, pódese apreciar a débeda, desagregada por anos, destacando que ata entón a débeda xerada en cada ano era superior aos 3.000 € anuais, sendo rebaixada a 1.043,32 € en 2019, a 979,44 € en 2020 e a, finalmente, 566,76 € en 2021, a pesar das dificultades de todo tipo habidas como consecuencia, principalmente, do COVID-19.



Así, con estas medidas implantadas, o total da débeda a 31/12/2018 redúcese a 19.273,76 € que, durante o ano 2019 redúcese novamente a 17.139,61 €, en 2020 sitúase en 1.192.71 € e, finalmente, a finais deste exercicio 2021, fíxase en 1.284 €.





II.- ORZAMENTOS

1.- Orzamentos 2.021: Outra das medidas adoptadas pola Xunta de Goberno en 2018, é o control de execución orzamentaria, dándose este resultado durante o exercicio 2021:



E resultando o nivel de cumprimento, para os conceptos máis relevantes tanto en Ingresos como en Gastos, exprésase cos seguintes Indicadores:



2.- Orzamentos 2022: Pola súa banda, para o ano 2022 elaboráronse os seguintes Orzamentos de Ingresos e Gastos, axustando os mesmos en función dos resultados obtidos durante o exercicio 2021.

[illegible]

 COLEGIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIALES DE A CORUÑA Y ORENSE			
PRESUPUESTO DE GASTOS			2022
TITULO	CONCEPTO	CTAS CONTABLES	PPTOS 2022
Personal			
	Sueldos y Salarios	640000000	75.000,00 €
	Seg Soc a cargo de la Empresa	642000000	23.000,00 €
	Otros gastos sociales	649000000	500,00 €
Otros Gastos Explotación			
	Arrendamientos y Cánones	621000000	12.000,00 €
	Reparaciones y conservación	622000000	1.500,00 €
	Mantenimiento Portal Web	622000001	2.000,00 €
	Serv. Profesionales Independ.	623000000	7.000,00 €
	Primas de Seguros	625000000	1.500,00 €
	Serv Bancarios y similares	626000000	150,00 €
	Publicidad y Propaganda	627000000	8.000,00 €
	Gastos Institucionales COGS	627000001	6.500,00 €
	Suministros	628000000	2.600,00 €
	Otros Gastos y Servicios	629000000	11.000,00 €
	Correspondencia	629000001	3.500,00 €
	Serv. De telefonía	629000002	2.400,00 €
	Serv. Limpieza	629000003	5.000,00 €
	Material Oficina	629000004	5.000,00 €
	Servicios Mensajería	629000005	200,00 €
